



## Concello de Crecente

# BANDO

Faise saber a tod@s @s usuari@s da traída de auga municipal, que debido a climatoloxía dos últimos meses, a situación da Conca, en **prealerta dende o 29 de maio**, é de sequía meteorolóxica pola escaseza de precipitacións ( 590 l/m<sup>2</sup> na última semana), supón un 40% por baixo da media histórica.

Debido a isto, os niveis de auga nos depósitos reguladores está descendendo dun xeito alarmante, polo que se pide a poboación un uso responsable, utilizándoa soamente par uso doméstico tendo en conta a ordenanza fiscal reguladora da **"TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDA OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES**, ANEXO II que establece as seguintes normas:

**7.- As acometidas realizadas sen autorización sancionaranse cunha multa de 300€, sen prexuízo das demais medidas que se tomen.**

**9º.- Os abonados que teñan na proximidade dos seus domicilios, hortas, viñedos , fincas, xardíns ou similares non poderán utilizar a auga para rego baixo ningún concepto. O incumprimento dará lugar ao corte inmediato de subministración de auga , sen prexuízo das sancións que se poidan impoñer pola corporación.**

### **10.- PROHÍBESE AOS ABONADOS:**

- **Utilizar auga para rego de hortas, viñedos, xardíns, fincas, ou similares e para encher piscinas.**
- **Instalar ramal entre a toma e o contador ou facer variación na súa instalación. Toda alteración requirira a incoación dun novo expediente.**
- **Empregar auga para outros usos aos estipulados na autorización de enganche.**
- **Consumir auga dunha instalación sen a correspondente alta no servizo ou cando o abonado estea dado de baixa.**

**11º.- EXCEPCIONALMENTE, EN SITUACIÓNS DE ESCASEZ DE AUGA POLO CONCELLO A TRAVÉS DE BANDO PÓDE LIMITAR O CONSUMO MÁXIMO DIARIO DE AUGA ATENDENDO AS CIRCUNSTANCIAS CONCURRENTES. O QUEBRANTO DAS MEDIDAS QUE SE ESTIPULEN SANCIONARANSE AO ABEIRO DO ARTIGO SEGUINTE.**

**12º.- Todas as infraccións sinaladas na ordenanza sancionaranse pola alcaldía a proposta dos servizos municipais, cunha multa de 50€ a 500€ valorando a reincidencia, a gravidade dos feitos, o dano e o prexuízo ocasionado aos demais abonados na recepción do servizo, así como o corte inmediato da subministración de auga.**

De xeito periódico, o persoal municipal realizará vixilancia e controis nos contadores das vivendas que dispoñan de subministro municipal, co fin de comprobar que se cumpran estas ordenes e non se producen excesos de consumo, e para evitar na medida do posible cortes na subministración.

**¡ FAGAMOS UN USO RESPONSABLE !**





## Concello de Crecente

---

Documento asinado electronicamente á marxe por Julio César García-Luengo Pérez, Alcalde - Presidente do Concello de Crecente.



Cod. Validación: 7GE9E3MX3S17Y26HPZQCFQ7E9 | Corrección: <https://crecente.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2